

**Acta núm. 05/2024.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 05 de marzo de 2024.**

ASISTENTES:
José Antonio Vidal González.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez.
Non asiste: Carlos Noya Pereira.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 05 de marzo de 2024, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 04/2024, DO 27/02/2024.
- 2º) COMUNICACIÓN PREVIA (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 5º) CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 6º) VADO PERMANENTE.
- 7º) MODIFICACIÓN DE LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.
- 9º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 04/2024, DO 27/02/2024.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 27.02.2024, acta núm. 04/2024.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓN PREVIA (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PABLO TARRÍO GOY, na que comunica que vai instalar placas solares para autoconsumo, nunha vivenda sita no lugar de O Cabo nº 28 – Os Ánxeles. As placas (11 módulos) instalaranse na parte traseira da parcela. A parcela (referencia catastral 7645807NH2474N0001TJ) onde se pretenden executar as obras conta con dúas clasificacións urbanísticas, parte da mesma, na que se empraza a vivenda, e que conecta co acceso á pista municipal está dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para áreas non consolidadas pola edificación (Ordenanza NRL-2), e a parte traseira da parcela na que se van situar as placas solares, cunha extensión de 793,75 m² está dentro dun ámbito de solo rústico de protección agropecuaria (RC). A parcela atópase dentro da zona de policía do rego do Pego.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 11.01.2024 (clave DH.W15.75097), que modifica a condición particular nº 1 da autorización de data 02.06.2021 (clave DH.W15.75097), e dos informes da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de data 27.12.2023 e do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 144,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 208,57 euros.

TERCEIRO-. LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico á vivenda de Coruxido 56, Bastavales, abrindo unha gabia de 4 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez en data 20.02.2024.

A parcela sobre a que se actúa (referencia catastral 7505142NH2470N0000TJ) aséntase sobre un ámbito de solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 99,43 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 19,89 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 84,46 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico á vivenda de Quintáns 20- Brión, abrindo unha gabia de 108 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Pérez Casais, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña de data 26/05/2023, (expte. 1538/23).

A parcela sobre a que se actúa (referencia catastral 5862702NH2456S0001GT) aséntase sobre un ámbito de solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona este (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 29.06.2023 (clave DH.W15.93798), e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso

o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 1.468,13 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 293,63 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 358,20 euros.

CUARTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por José Antonio Hernando Ezquerra, que di actuar en representación de MARÍA VILLAVEDE SOLER e NUÑO PIÑEIRO SANZ, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar e edificación auxiliar no lugar de Cirro 33 – San Salvador, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto José Antonio Hernando Ezquerra, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 02.01.2023, e documentación complementaria visada con data 10.11.2023 e 30.01.2024 (expte. núm. 2207279).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7731322NH2473S0000WU) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza núm. 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto José Antonio Hernando Ezquerra, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 02.01.2023, e documentación complementaria visada con data 10.11.2023 e 30.01.2024 (expte. núm. 2207279).

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (72,10 m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela con formigón coloreado, a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. A obtención da licenza para a construción da vivenda unifamiliar e edificación auxiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas

técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación aos interesados do outorgamento da licenza.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 72,10 m². destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2. da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 01 de marzo de 2024.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.816,65 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 133,85 euros.

Total: 1.950,50 euros.

QUINTO.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Teresa de Jesús Molino Pizarro, que di actuar en representación de PROMOTORA DE VIVIENDAS BERTAMIRÁNS, S.L., na que solicita o cambio de titularidade da licenza de obra maior para construción de dúas vivendas unifamiliares pareadas en Gundín nº 29 e 30 (vivendas 2 e 3) concedida pola Xunta de Goberno Local do 26.07.2022, a nome de PROMOTORA DE VIVIENDAS BERTAMIRÁNS, S.L., e poñelas a nome de Xesús Pérez Vilar e María Isabel Torres Santos (vivenda nº 2) e María Isabel Sande Caamaño (vivenda nº 3).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos escritos de aceptación de cambio de titularidade de licenza presentados por de Xesús Pérez Vilar, María Isabel Torres Santos e María Isabel Sande Caamaño e do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar o cambio de titularidade da licenza de obra solicitada, concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 26.07.2022, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, poñendo como titulares da licenza de obra en Gundín nº 29 (vivenda nº 2) a XESÚS PÉREZ VILAR con DNI ***8207** e MARÍA ISABEL TORRES SANTOS con DNI ***2703**, e como titular da licenza de obra en Gundín nº 30 (vivenda nº 3) a MARÍA ISABEL SANDE CAAMAÑO con DNI ***6443**, que quedan subrogados en todos os dereitos e obrigas derivados deste expediente.

2º) Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos.

SEXTO.- VADO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MANUEL JESÚS LEMA FERRO, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vado permanente para o servizo ao garaxe da vivenda sita en Guldrís nº 5, Brión.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local de data 26.02.2024, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a autorización para instalar o vado permanente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa por entrada de vehículos: 63,00 euros.

Total: 63,00 euros.

SÉTIMO.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por BENIGNA RAMONA CAAMAÑO VILAS, na que solicita a modificación da licenza de segregación dunha parcela sita no lugar de Soigrex, Bastavales, concedida pola Xunta de Goberno Local de data 04.07.2023, a Benigna Ramona Caamaño Vilas e José Antonio Tobío Caamaño, segundo proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña- Pontevedra) o 23.11.2022, visado número 20221137.

O motivo da solicitude de modificación é un erro na descrición do proxecto, no linde da finca resultante nº 648 (resto de finca matriz) polo vento oeste.

Vista a solicitude de modificación da licenza de segregación, consonte co novo proxecto presentado, asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña e Pontevedra con data 16.10.2023 (visado nº 20221137).

Descrición da parcela de orixe:

Referencia catastral: 7517408NH2471N e 15013B503006480000MW

Superficie (segundo medición recente): 3.844 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo con dúas clasificacións segundo o PXOM:

.- 1.962 m² situados en solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

.- 1.882 m² situados en solo rústico, segundo a Disposición Transitoria 1ª, 2 d) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Lindes:

Norte: Leonor Caamaño Fieiro 647.

Sur: Antonio Dopazo Penín e outros propietarios 649, 650 e 651.

Leste: Andrés Estévez Rey e outro 654 e José María Estévez Palomo 655.

Oeste: camiño construído pola Concentración Parcelaria.

Segregación pretendida:

Parcela número 08:

Superficie bruta: 980 m².

Superficie de cesión: 59 m² (a 5,50 m. do eixe do vial)

Superficie neta: 921 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: Leonor Caamaño Fieiro 647.
Sur: parcela número 08-1 procedente desta segregación.
Leste: parcela nº 648 procedente desta segregación.
Oeste: camiño construído pola Concentración Parcelaria.

Parcela número 08-1:

Superficie bruta: 982 m².
Superficie de cesión: 61 m². (a 5,50 m. do eixe do vial)
Superficie neta: 921 m².
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).
Lindes:
Norte: parcela número 08 procedente desta segregación.
Sur: fincas 649 e 650.
Leste: parcela 648 procedente desta segregación.
Oeste: camiño construído pola Concentración Parcelaria.

Parcela resto finca matriz número 648:

Superficie neta: 1.882 m².
Clasificación urbanística: solo rústico, segundo a Disposición Transitoria 1ª, 2 d) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.
Lindes:
Norte: Leonor Caamaño Fieiro 647.
Sur: fincas 650 e 651.
Leste: Andrés Estévez Rey e outro 654 e José María Estévez Palomo 655.
Oeste: finca nº 08 e 08-1 resultado desta segregación.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a modificación da licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de 120 m² ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos.

OITAVO.- APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Dada conta da proposta da alcaldía do 28.02.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos, en sesión do 04.03.2024, que transcrita di:

1. Por providencia desta alcaldía do 23.01.2024, acordouse:

Resultando que con data 13.01.2024 rematou o contrato de servizos vixente do Servizo de Axuda no Fogar, e que por decreto desta alcaldía do 23.01.2024 resolveuse acordar a continuidade de prestación dos servizos derivados do contrato de servizo de axuda no fogar, por parte da empresa ATTENDE CARE S.L., con CIF: B-70091749, nos mesmos termos que foron pactados mediante o contrato de data 12 de xaneiro de 2022, desde o día 13.01.2024 ata o ata o 13.05.2024, que se considera o tempo imprescindible para a realización da adxudicación dun novo contrato, agás que con anterioridade se produza a formalización do novo contrato, e todo elo coa ineludible contrapartida da compensación económica a favor do contratista, que poida tramitarse.

Resultando que é necesario tramitar expediente para realizar unha nova contratación, ao ser unha competencia municipal en tanto non se desenvolva polo Estado e pola Comunidade Autónoma a lexislación nesta materia.

Ao abeiro das competencias desta alcaldía, dispoño:

1º) Iniciar o expediente para a contratación do Servizo de Axuda no Fogar, por procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación, polo prazo de dous anos.

2º) Que se incorporen ao expediente os seguintes documentos:

- Informe do Departamento de Servizos Sociais sobre actualizacións necesarias no PPT e PCAP da anterior licitación; orzamento base de licitación (prezo con IVE) e valor estimado (prezo sen IVE) para SAF dependencia e SAF libre concorrência, número de horas a realizar polo adxudicatario e criterios a valorar e ponderación.
- Memoria xustificativa da necesidade do contrato.
- Informe de insuficiencia de medios.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas (PPT).
- Informe xurídico de secretaría.
- Informe de fiscalización de intervención.

Logo de realizados estes trámites déase conta a esta alcaldía para a continuación do expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

1.- A aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares é competencia do órgano de contratación (art. 117 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP).

2.- Consonte co disposto nos artigos 131,146.2 e 156 e ss. da LCSP a forma de adxudicación deste contrato será por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación.

3.- O artigo 117 da LCSP regula a aprobación do expediente de contratación.

4.- O valor estimado do contrato supera os límites cuantitativos establecidos no apartado 1 da Disposición Adicional Segunda da LCSP, polo que corresponde a competencia para tramitar o expediente á Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, en virtude do acordo plenario de delegación de competencias do 29 de xuño de 2023, publicado no BOP do 5 de xullo de 2023.

Visto o expediente tramitado con todos os documentos que o integran, e os informes preceptivos de secretaría e de intervención, propoño á Xunta de Goberno Local, previo ditame da Comisión Informativa de Servizos, a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar o expediente de contratación do Servizo de Axuda no Fogar e iniciar a licitación por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, mediante publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante que se aloxa na Plataforma de Contratación do Sector Público.

2º) Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, previsto no art. 156 da LCSP, que han rexer o contrato, asinados con data 27.02.2024.

3º) Autorizar o gasto desta anualidade con cargo á aplicación: 231.22714 do orzamento prorrogado vixente onde existe retido crédito por intervención, adoptando o compromiso de consignar nos orzamentos de 2025 e 2026, os créditos necesarios para facer fronte aos gastos derivados deste expediente de contratación.

4º) Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante para os efectos da presentación de ofertas polos licitadores.

5º) Facultar expresamente a esta alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a proposta ditaminada nos seus propios termos.

NOVENO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,25 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González